



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA SEGUNDA DO TRIBUNAL

Data:	Día 30/08/2024, ás 10:00 horas
Proceso:	OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) Proceso selectivo de persoal laboral fixo, por concurso, para as prazas de Xerocultor/a. (4208)
Expediente:	2022/E001/000046

No día e hora indicados, reúnen no Concello de Lousame, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (Resolución de Alcaldía núm. 246 do 22/04/2024)

Membro	Identidade
Presidencia	Mónica Castaño Ourille, Persoal Laboral Fixo, A2 de Lousame
Vogal	Natividad Hermo Santos, Persoal Laboral Fixo, A2 de Lousame
Vogal	José Manuel Outeiral Castro, Persoal Laboral Fixo A2 de Lousame
Vogal	Mª Pilar Calvo Abelleira, Persoal Laboral Fixo, A2 de Lousame
Secretaría	José Martínez Redondo, funcionario A1 de Lousame

Antecedentes:

A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos é a seguinte (Resolución de Alcaldía núm. 246/2024 do 22/04/2024):

2022/E001/000046		XEROCULTOR/A (4208)						
Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	Celga	Titulación	Permiso conducción / Carné manipulador alimentos	Méritos	Taxa	Admisión Definitiva
Eiras Blanco, Mª José	Si	***6940**	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Lojo Cerqueiras, Tamara	Si	***9823**	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Mosquera Fonseca, Estefanía	Si	***0903**	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Sambade Roo, Luz María	Si	***3241**	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Vázquez Torrado, Silvia	Si	***3227**	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Vilasoá Coto, Mª de los Ángeles	Si	***8602**	Si	Si	Si	Si	Si	Si

Co obxecto de levar a cabo a valoración do proceso selectivo arriba indicado, o Tribunal procedeu a na súa sesión de 26.08.2024 á lectura da lista definitiva de admitidos, aos efectos de manifestar a concorrencia de posibles causa de abstención ou recusación nalgún membro do Tribunal (de acordo co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público). Os



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

cinco membros do Tribunal manifestan que non concorre neles ningunha causa de abstención ou recusación.

De seguido procedeuse á baremación dos méritos achegados polos aspirantes, segundo o regulado nas Bases Xerais número 9 (Sistema de selección e desenvolvemento dos procesos), número 10 (Acreditación do coñecemento da lingua galega), número 11 (Relación de persoas propostas para a obtención dunha praza) e o número 12 (criterios de desempate).

Elaborouse a acta que foi publicada na sede electrónica do concello o día 26.08.2024.

O resultado é o seguinte:

Ord e	Apelidos e Nome	Experiencia profesional	Formación	Total	1º criterio de desempate	2º criterio de desempate	3º criterio de desempate	4º criterio de desempate	5º criterio de desempate
1	María José Eiras Blanco	60	40	100	74,40	---	---	---	---
2	Luz María Sambade Roo	60	40	100	72,80	0	0	0	Prioridade
3	María de los Ángeles Vilasoa Coto	60	40	100	72,80	0	0	0	Non prioridade
4	Tamara Cerqueira Lojo	11,50	40	51,50	---	---	---	---	---
5	Silvia Vázquez Torrado	9,20	40	49,20	---	---	---	---	---
6	Estefanía Mosquera Fonseca	0	40	40	---	---	---	---	---

Terceiro: Tal e como preceptúa a Base Xeral núm. 11.1, rematada a valoración dos méritos debe publicarse na sede electrónica a puntuación provisional que acadou cada aspirante na fase de concurso. Os aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles para formular alegacións.

Dito anuncio foi publicado na sede electrónica do Concello de Lousame, tal e como se indica:



Anuncio
Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Lousame
Data: 26/08/24 14:00:11
Exposición: 26/08/24 14:00:10 a ...

Anuncio

Secretaría

OEP Extraordinaria: Xerocultor Acta 1 del tribunal

Información:

EXP: 2022/E001/000046
ACTA PRIMEIRA DO TRIBUNAL



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto: Consta incorporado ao expediente Dilixencia acreditativa (do 10/09/2024) da existencia de alegacións durante o período de información pública (do 27/08/2024 ao 09/09/2024)

Alegacións:	Nome:	Data presentación:
Si	María de los Ángeles Vilaso Coto	03.09.2024 (R.E. núm. 1.476)

Quinto: Exame das alegacións presentadas:

No escrito de alegacións de María de los Ángeles Vilaso Coto, en resumo indica e solicita:

CUARTA.- Asi, de acuerdo con las Bases, deben valorárseme los servicios prestados en el Concello de Boiro, servicios cuya prestación he acreditado con el informe de vida laboral aportado junto con la solicitud de participación en el proceso selectivo, y vuelvo a acreditar con la documentación que adjunto a este escrito de alegaciones.

Por todo lo expuesto,

SOLICITO, que admita este escrito de alegaciones, y los documentos que se adjuntan, y, conforme a lo manifestado en el mismo, proceda a una correcta baremación de mis méritos, en concreto del apartado de **Experiencia**, puntuando los servicios prestados en el Concello de Boiro, como aux. de ayuda a domicilio durante el periodo comprendido entre el 1 de julio de 2011 y el 31 de diciembre de 2011.

Todo ello por ser de Justicia que se solicita en Lousame, a 2 de septiembre de 2024

Xunto co seu escrito de alegacións aporta copia de contrato de traballo de duración determinada co Concello de Boiro asinado o día 01.07.2011 así como copia de informe de vida laboral.

Dispón a Base 9.1 das bases xerais que rexe neste procedemento selectivo en canto a forma de acreditar a experiencia profesional

<<6. **Forma de acreditación:** Deberán achegarse conxuntamente os seguintes documentos:

a. Informe de vida laboral actualizado e

b. Certificación da Administración Pública ou entidade do Sector Público, expedida pola Secretaría ou órgano competente da entidade, na que se fará constar: Administración ou entidade contratante, vínculo ou réxime xurídico, denominación, grupo/categoría/posto, data de inicio e, no seu caso, finalización da vinculación. No caso de non existir data de finalización da vinculación, valoraranse os servizos efectivos prestados, até a data de publicación no BOE de cada convocatoria (ou data de emisión do certificado se é anterior á publicación no BOE da convocatoria)>

E continua sinalando dita base:

<<7. A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente fóra deste prazo, será considerada “achega de nova documentación fóra de prazo” e non será tida en conta.>>



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Comproba o Tribunal os documentos presentados pola alegante xunto coa súa solicitude (R.E. núm. 25 do 05.01.2023) do que resulta que María de los Ángeles Vilaso Coto non aportou ao expediente en prazo hábil **Certificación da Administración Pública ou entidade do Sector Público, expedida pola Secretaría ou órgano competente da entidade, na que se fará constar: Administración ou entidade contratante, vínculo ou réxime xurídico, denominación, grupo/categoría/posto, data de inicio e, no seu caso, finalización da vinculación**, que acredite a súa experiencia profesional no concello de Boiro polo que, de acordo coas bases aprobadas, non se pode computar no apartado experiencia laboral ao non ter presentado a documentación acreditativa da experiencia.

Visto o anterior, por unanimidade, o Tribunal desestimase a alegación efectuada.

A Base Xeral núm. 11.2, 11.3 e 11.4 indica:

2. Finalizado o trámite anterior, e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal efectuará a proposta das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. O Tribunal non poderá aprobar a ningunha persoa aspirante que non acade unha puntuación mínima de 30 puntos no concurso de méritos. O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. Se algunha persoa proposta non acreditou o coñecemento da lingua galega, terá lugar a proba de coñecemento da lingua galega, tal e como se regula na Base núm. 10.

4. Finalizada a fase de concurso, aplicados (de ser necesarios) os criterios de desempate e realizada (no seu caso) a proba do coñecemento da lingua galega o Tribunal efectuará á Alcaldía a proposta definitiva das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.

A Base Xeral número 13, sinala:

“Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, por orde de puntuación. No caso de darse estes supostos, outorgarase un novo prazo de 20 días naturais, para que o seguinte aspirante por orde de puntuación achegue a documentación correspondente para proceder ao nomeamento ou contratación”

Á vista do anterior, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

PRIMEIRO: Desestimar as alegacións efectuada pola aspirante María de los Ángeles Vilaso Coto en 03.09.2024 (R.E. núm. 1.476) contra a valoración provisional de méritos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

SEGUNDO: Propoñer á Alcaldía, de xeito definitivo, ás seguintes aspirantes, para obter as prazas obxecto de estabilización neste proceso selectivo:

Ord e	Apelidos e Nome	Experiencia profesional	Formación	Total	1º criterio de desempate	2º criterio de desempate	3º criterio de desempate	4º criterio de desempate	5º criterio de desempate
1	María José Eiras Blanco	60	40	100	74,40	---	---	---	---
2	Luz María Sambade Roo	60	40	100	72,80	0	0	0	Prioridade
3	María de los Ángeles Vilasoa Coto	60	40	100	72,80	0	0	0	Non prioridade

TERCEIRO A Relación Complementaria de persoas aspirantes que siguen á proposta para obter a praza, no caso de que se dean os supostos contemplados na Base Xeral núm. 13, sería a seguinte:

Ord e	Apelidos e Nome	Experiencia profesional	Formación	Total	1º criterio de desempate	2º criterio de desempate	3º criterio de desempate	4º criterio de desempate	5º criterio de desempate
1	Tamara Cerqueira Lojo	11,50	40	51,50	---	---	---	---	---
2	Silvia Vázquez Torrado	9,20	40	49,20	---	---	---	---	---
3	Estefanía Mosquera Fonseca	0	40	40	---	---	---	---	---

CUARTO: Publicar estes acordos na Sede Electrónica do Concello.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 11:00 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina electronicamente cada membro do Tribunal.

Membro	Identidade
Presidencia	Mónica Castaño Ourille, Persoal Laboral Fixo, A2 de Lousame
Vogal	Natividad Hermo Santos, Persoal Laboral Fixo, A2 de Lousame
Vogal	José Manuel Outeiral Castro, Persoal Laboral Fixo A2 de Lousame
Vogal	Mª Pilar Calvo Abelleira, Persoal Laboral Fixo, A2 de Lousame
Secretaría	José Martínez Redondo, funcionario A1 de Lousame